



VIII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ • SHOPPING

Primavera 2011

Bases

1. Poderán participar no VIII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ Shopping, Primavera 2011 todos os establecementos comerciais de Compostela que contén coas licenzas pertinentes e non estean incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

2. As inscricións formalizaranse por escrito enviando o formulario adxunto por fax ao 981 543 193 ou solicitando a súa inclusión por medio dun correo electrónico no que se cumprimenten os mesmos datos e que se enviará a inscricionspe@santiagodecompostela.org

3. A inscrición é de balde.

4. A data tope de inscribirse será o día **15 de abril de 2011**.

5. As datas de exhibición dos escaparates estarán comprendidas entre o día 16 e o 20 de abril de 2011.

6. Os escaparates que participen no Concurso deberán estar identificados cun distintivo que achegará a organización e permanecerán iluminados ate as 23 h. Os escaparates que non se atopen instalados no momento da visita valorativa quedarán excluídos do concurso.

A organización poderá establecer exencións a esta norma xustificadas por motivos de seguridade que esixan a retirada da mercadería exposta nos escaparates.

7. Os motivos dos escaparates terán tema libre e os seus deseñadores terán completa liberdade para elixir as técnicas, materiais e estilos expositivos.

8. O xurado está composto por unha representación das seguintes entidades: Concellaría de Promoción Económica e Comercio (con voz pero sen voto), Cámara de Comercio, Agrupación de comerciantes de Santiago, Fundación Santiago Centro Área Comercial, e Asociación de empresarios e profesionais Compostela Monumental, Euroconsumo Galicia, El Correo Gallego, e un profesional independente do sector do interiorismo e a decoración.

9. O xurado valorará especialmente a orixinalidade, ambientación e eficacia da mensaxe publicitaria atendendo ás condicións da contorna dos establecementos.

10. O VIII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ Shopping, Primavera 2011 terá como premios unha campaña publicitaria en distintos medios de comunicación local para cada un dos premiados valorada en 2.892,79 euros (1º premio), 2.179,70 euros (2º premio) e 1.292,10 euros (3º premio).

11. O prazo de execución dos premios será de dous meses desde o día seguinte á súa notificación. A non execución do premio no prazo indicado, por causas imputables aos gañadores, implicará a revogación do premio inicialmente concedido.

12. Á vista do fallo do xurado, o Concello comprobará polos seus propios medios que os establecementos comerciais propostos para a obtención dalgún dos premios contan coas licenzas oportunas e requirirá aos que cumpran dito requisito para que no prazo de cinco días naturais acheguen declaración responsable de non ter débedas con facenda e seguridade social. Remitida a documentación, o fallo do concurso elevarase á Xunta de Goberno Local para a súa resolución que será notificada a cada un dos premiados e máis publicada na páxina web da Concellaría de Promoción Económica

13. Os distintos formatos promocionais en que consisten os premios deberán indicar o patrocinio da Concellaría de Promoción Económica e Comercio do Concello de Santiago con indicación do concepto en virtude do cal se emite, é dicir, pola súa condición de gañador no Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping.

14. A participación no presente concurso implica a aceptación das presentes bases e das decisións que adopte o xurado en aqueles aspectos non previstos e a autorización ao Concello de Santiago para comprobar a posesión, polos establecementos comerciais propostos para a obtención dalgún dos premios, das licenzas oportunas.



VIII Concurso Municipal
de Escaparatismo
SCQ • SHOPPING

Primavera 2011

Para inscribirse envíe este boletín ao fax 981 54 31 93 ou remita un correo electrónico no que consten os mesmos datos a: inscricionspe@santiagodecompostela.org

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Estabelecemento _____ Sector _____

Nome e apelidos do propietario _____

Enderezo _____

Teléfono _____ Fax _____ Correo Electrónico _____

Marque o cadro se desexa recibir información sobre outros programas, concursos e convocatorias da Concellaría de Promoción Económica

Declaro que (razón social do establecemento participante) posúe as licenzas pertinentes e non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Asdo

Confirmo a participación do establecemento no VIII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ • Shopping e acepto as súas bases, autorizando ao Concello de Santiago a comprobar, no caso de ser proposto para algún dos premios, a posesión das licenzas correspondentes.

*De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para a xestión do servizo. En calquera momento poderá exercer, en relación cos seus datos persoais, os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito a Atención ao cidadán, rúa Presidente Salvador Allende 4 Baixo, Santiago.